

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O deputado **Antón Sánchez García**, que pertence ao **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, formula a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa ás actuacións para combater o cambio climático.

Segundo o Ministerio de medio ambiente e a Axencia europea de medio ambiente, entre 1990 e 2012 as emisións de gases causantes do cambio climático aumentaron en Galiza nun 6,3%. No mesmo período, estas emisións diminuíron na Unión Europea nun 19,2%. En 2011, as emisións galegas por habitante emitidas en toneladas eran de 7,6 en Galiza, por riba das 5,9 do Estado español, das 7 da Unión Europea e das 4,5 do resto do mundo. Os sectores que máis emisións producen son a produción de electricidade por carbón e o transporte. En 2012 supuxeron un 56,4 % do total. O freo ás enerxías renovables no noso país, está a contribuír a que as emisións continúen a aumentar. Aínda que as emisións por transporte están a baixar por mor da crise económica, aumentaron nun 48% en termos absolutos desde 1990.

Os datos mostran que non está a haber políticas centradas na loita contra o cambio climático. Cómpre medidas que se tomen en serio un dos maiores problemas de futuro, e que non se queden en medidas cosméticas.

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Pregunta para resposta oral en Pleno:

- Cómo valora a evolución dos datos de emisións de gases causantes do cambio climático?

En Compostela, a 27 de agosto do 2015

Asdo. Antón Sánchez García



**Asinado dixitalmente por:**

**Anton Sánchez García na data 27/08/2015 10:08:51**